



CONCELLO DE TORDOIA ( A Coruña )  
Telfs.981-690001/690128-Fax: 981-690005  
[servizos.sociais@tordoia.gal](mailto:servizos.sociais@tordoia.gal)

# BANDO

Don **AMADEO CANCELA FARIÑA**, alcalde  
do Concello de **TORDOIA** (A Coruña)

## FAI SABER

Que pola Resolución do 12 de marzo de 2019, da Secretaría Xeral da Igualdade, se regula e se convoca para o ano 2019 o Programa de axudas para a concesión das **estadías de tempo libre para mulleres soas con responsabilidades familiares non compartidas** (DOG nº 63 do 1/4/2019). **SI44A**

### Obxecto

Facilitarlles ás mulleres, preferentemente vítimas de violencia de xénero, que teñan fillas ou fillos menores e/ou menores en acollida, de entre 2 e 12 anos de idade, exclusivamente ao seu cargo, un espazo e un tempo desligado da súa situación habitual e no cal poidan intercambiar experiencias a través da convivencia nun espazo de lecer, reforzando o seu vínculo materno-filial nun ambiente de seguridade, respecto e bo trato como modelo de convivencia.

### Prazas e duración

Convócanse ata un máximo de 90 prazas, cunha duración de entre 7 e 10 días, en réxime de pensión completa, e desenvolveranse preferentemente entre finais do mes de xuño e principios do mes de setembro.

### Condicións económicas

Os gastos de aloxamento, en réxime de pensión completa, traslado de ida e volta desde o seu concello de residencia, equipo de monitoras/es e actividades complementarias serán **gratuitos** para as persoas beneficiarias, e serán por conta da Secretaría Xeral da Igualdade.

**Prazo presentación de solicitudes:** Un mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no DOG. Ata o 2 de maio de 2019, por ser o día 1 inhábil.

**Presentación de solicitudes e Información:** servizos sociais comunitarios.

Tordoia , a 2 de abril de 2019

o alcalde

